



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Óptica e Optometría

Curso Académico: Curso 2016-2017

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - [AM-4](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Óptica e Optometría
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Óptica e Optometría
Centro/s onde se imparte	Facultade de Óptica e Optometría
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Grao: 2010/2011 Presencial Curso Ponte: 2011/2012 Semipresencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	03/05/2010
Data renovación acreditación	09/06/2016

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Grao en Óptica e Optometría é unha titulación de ciencias da saúde que habilita para o exercicio dunha profesión regulada por Lei, a de Óptico Optometrista. Así, os contidos do Grao en Óptica e Optometría axústanse ó establecido na Resolución de 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, pola que se publica o “Acuerdo del Consejo de Ministros, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudios conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de Óptico-Optometrista”, e ás Directrices Propias desta titulación (Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo, por la que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Óptico-Optometrista). A titulación, única no SUG, imparte ensinanza de tipo presencial para o Grao e semipresencial para o curso ponte.

En relación aos datos de inserción laboral, é necesario salientar que non se dispón de datos correspondentes á promoción 2014-2015, que é a que correspondería analizar neste informe. Os datos dispoñibles corresponden á promoción que se graduou no curso 2013-2014. Dos 52 alumnos que se titularon nese curso académico, o 73,1% estaba afiliado á seguridade social un ano despois da titulación. O 40,6% tiña un contrato indefinido e o 81,8% estaba contratado a xornada completa. Dous anos despois da titulación, a porcentaxe de afiliación á seguridade social aumentou ata o 80,8% e a porcentaxe de contratos indefinidos ata o 47,4%. É necesario salientar que os restantes alumnos, o 19,2% non ten porque estar en paro senón que pode estar cursando estudos de posgrao ou especialización fóra da USC, polo que non se dispón de datos ao respecto. A porcentaxe de contratados a tempo completo diminuíu lixeiramente ata un 81,6%, aumentando a porcentaxe de contratados a tempo parcial cunha xornada de traballo maior que a media xornada (pásase dun 12,1% un ano despois de titularse a un 13,2% ao cabo dos dous anos). Segundo os datos dos indicadores da Seguridade Social, dous anos despois de titularse os 97,6% dos nosos egresados cotizan dentro do grupo de cotización de universitarios A área de calidade definiu este ano un novo indicador de taxa de éxito dos egresados como a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou, para o curso 2015-2016, o valor deste indicador é para o Grao de Óptica e Optometría foi dun 89,82%. Desglosando estes datos por sexo, é maior o éxito dos egresados homes (92,25%) que o das mulleres (88,65%).

No relativo á relevancia e actualización do perfil formativo/egreso segundo os requisitos do seu ámbito profesional, e en particular, como profesión regulada, consideramos que o grao de satisfacción dos titores de prácticas externas é un bo indicador. Sen embargo, o grao de participación destes nas enquisas de satisfacción é dun 12,68%, demasiado baixo como para poder extraer conclusións. Neste sentido consideramos necesario establecer unha acción de mellora para fomentar a participación deste colectivo nas enquisas de satisfacción, deseñando dende a Comisión de prácticas externas un procedemento que inclúa a participación nas enquisas obrigatorio para todos os titores externos.

A participación dos titores académicos nas enquisas de satisfacción foi dun 40% , valorando cun 4.5 sobre 5 o grao de adecuación das tarefas realizadas polo alumnado coas competencias profesionais da titulación.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como resultado do proceso de acreditación solicitouse a modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría. O día 14/02/2017 reuniuse a Comisión de Título para dar resposta ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación del plan de estudos del Grado en Óptica y Optometría recibido o día 09/02/2017 As alegacións ao informe remitíronse ao SXOPRA con data 16/02/2017 e con data 24/03/2017 recibíuse o informe final de avaliación sendo este FAVORABLE.

Por outra banda, a acción de mellora 3 do informe elaborado no curso 2016/2017 relacionada coa implantación dun modelo de guías docentes, levouse a cabo parcialmente. A implantación das guías docentes, se ben se ía iniciar coas materias correspondentes ao primeiro curso para o primeiro semestre do curso 2017-18, retrasouse. Previamente a convocar aos profesores de primeiro para una reunión explicativa no mes de xuño, a coordinadora do Grao, ao actualizar o cadro do calendario de actividades que consta no modelo de guía docente aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2017-18, e consultado e recomendado polo SXOPRA, considerou necesario simplificar dito cadro para que sexa máis operativo. Aínda así, elaboráronse as guías correspondentes a cada unha das materias de primeiro, coas competencias básicas e xerais, transversais e específicas; cós resultados do aprendizaxe e contidos, todo elo de acordo á memoria do título verificada, coa finalidade de facilitar o traballo aos profesores e evitar posibles erros. Retrásase a implantación das guías ás materias de primeiro do segundo semestre para o curso 2017/2018. Esta acción de mellora terá continuidade no seguinte curso co obxecto de ir implantando as guías de forma gradual en todas as materias do grao.

O centro creou a Comisión de mobilidade o 28/03/2017, co obxecto de analizar e promover a mobilidade entre o alumnado do Grao.

A Comisión de Título celebrada o día 9/11/2016 acordou propoñer como novo responsable de Erasmus do centro á Profa. Eva Yebra-Pimentel que substitúe ao Prof. Jorge Gilino Paz, recentemente xubilado. Ao longo do curso 2016/17 leváronse a cabo diferentes accións para fomentar a mobilidade dos estudantes a nivel europeo.

En primeiro lugar, os alumnos do primeiro curso responderon a unhas preguntas sobre nivel de idioma, interese en mobilidade, e países de preferencia. Como resultado, os alumnos interesados tiñan, ou estaban a punto de obter, o nivel B1 de inglés. En canto aos países de preferencia, destacaba en primeiro lugar Reino Unido, seguido dos Países Nórdicos e Holanda. A Xunta de Facultade celebrada o día 28/03/2017 acordou nomear unha Comisión de Mobilidade constituída de conformidade co Regulamento de Intercambios Universitarios da USC (Resolución do Consello de Goberno do 26/10/2012) polo Responsable Académico de Mobilidade (RAM) do centro, os coordinadores do Grao e o Responsable da Unidade de Apoio a Xestión. A Comisión analizou, en diferentes reunións, a información recibida por parte do alumnado. Estudáronse en primeiro lugar as opcións dos Países Nórdicos, comezando por analizar a limitación que podería supoñer o

idioma. Segundo as búsquedas realizadas, parece que só nun caso se imparte a docencia relacionada coa titulación en inglés. Considérase necesario seguir concretando sobre este aspecto a través da búsqueda nas respectivas páxinas web das Universidades, e nos casos nos que se imparta en inglés, establecer contacto. Tamén se acordou comezar a traballar de cara a posibles intercambios con universidades iberoamericanas, especialmente México e Colombia, coas que o idioma non supón un problema. O día 27/04/2016 publicouse a lista definitiva de destinos SICUE, solicitado por 5 alumnas do Grao. Das 5 alumnas, só dúas presentaron un acordo académico e logo da súa análise na reunión da Comisión de mobilidade, decidiron renunciar á praza SICUE pola incompatibilidade do plan de estudos das facultades de destino có da USC, o que lles obrigaba a alonxar os seus estudos un ano máis.

En relación ao número de alumnos por grupo de docencia expositiva indicar que neste curso a media foi de 46,74 alumnos por grupo mentres que nos grupos interactivos foi de 17. Sinalar que no Grao temos grupos de docencia interactiva de laboratorio con módulo 20, 10 e 5 alumnos dependendo do carácter, non clínico, preclínico ou clínico da materia. A media de 17 alumnos corresponde á media dos grupos interactivos de módulo 20.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Dende a súa implantación, no Grao en Óptica e Optometría existe a figura de coordinador do Grao e dos coordinadores de curso que se reúnen unha vez ao mes para analizar as posibles incidencias na docencia do Grao, e tratar temas como a revisión das programacións das materias de cara ao curso 2017-18, e a posibilidade de por en marcha dunha maneira efectiva a delegación de alumnos. En xeral, non houbo incidencias no desenvolvemento dos diferentes cursos do Grao. Ademais destas, a coordinadora do Grao en Óptica e Optometría mantivo diversas reunións cos alumnos titores do curso 2016-17, co fin de planificar e coordinar súa actuación, que basicamente consistiu en informar, sobre todo a alumnos de primeiro curso, sobre cuestión relacionadas coa titulación, (materias impartidas, contidos, etc). Tamén lles deron indicacións das instalacións da facultade, sobre todo do decanato e do Servizo de Optometría.

Ademais do Grao en Óptica e Optometría, no centro se imparte o curso ponte de adaptación ao Grao para alumnos Diplomados en Óptica e Optometría na modalidade semipresencial. O Profesorado que imparte as materias correspondentes ao Curso Ponte é o mesmo que imparte as materias do Grao, polo que a adquisición de competencias asociadas ás materias está totalmente garantida.

En relación ás prácticas tuteladas, que se imparten tanto no grao coma no curso ponte, indicar que a xestión e avaliación das mesmas a realiza a Comisión de prácticas, garantíndose por tanto a adquisición das mesmas competencias con independencia da modalidade cursada. De acordo á memoria do Grao, a comisión de Prácticas Tuteladas elabora unha memoria anual na que se recolle a información relevante relacionada cos centros de prácticas que foron asignados, a satisfacción dos estudantes, a valoración dos titores, etc. Neste informe se recolle unha alta satisfacción tanto dos estudantes coma dos titores có programa de prácticas externas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016/2017 ofertáronse 60 prazas no primeiro curso do Grao en Óptica e Optometría e iniciaron os seus estudos 67 alumnos incluíndo ao alumnado que traslada expediente, accede por validación parcial de estudos extranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción. Deste alumnos 59 matriculáronse no primeiro curso por primeira vez, sendo 44 mulleres e 15 homes.

Dende a súa implantación, ofértanse 60 prazas (IN01G-PC-05) para alumnado de novo ingreso en primeiro de Grao e 40 no Curso Ponte de adaptación ao Grao para Diplomados en Óptica e Optometría. No curso 2016-2017, iniciaron os seus estudos 67 alumnos incluíndo ao alumnado que traslada expediente, accede por validación parcial de estudos extranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción. Segundo datos da CIUG, 56 alumnos acceden desde o Bacharelato e 5 desde formación profesional.

O número de solicitudes de praza en primeiro de Grao, segundo datos da CIUG, no curso 2016-2017 foi de 448 solicitudes, das cales 381 corresponden a alumnos de bacharelato, 58 de Formación profesional, 7 a Titulados universitarios, 1 a maiores de 25 anos e 1 deportista de alto nivel. A matrícula pechouse na 7ª chamada cós 102% das prazas de novo ingreso ocupadas. É de salientar que na 4ª chamada de matrícula estaban cubertas 65 prazas, polo tanto houbo 4 alumnos que modificaron a súa matrícula entre a 4ª e a 5ª chamada de matrícula, é de supoñer que accederon a outra titulación. A porcentaxe de alumnos/as matriculados/as sobre prazas ofertadas en 1º de Grao (IN12G-PC-05) é do 102%. É importante sinalar que o 100% do alumnado accedeu ao Grao cunha nota media superior ao 6, sendo a nota media de acceso por preinscripción para este curso de 9,09, lixeiramente superior á do curso anterior (8,78).

Nas enquisas realizadas polo centro o primeiro día de clase se observa que, dos 56 alumnos que acudiron á xornada de acoillida, 29 realizaron o bacharelato de Ciencias e 26 o bacharelato pola rama sanitaria. A maioría dos alumnos novos (56,14%) di que coñeceu á titulación a través da páxina web o que indica a importancia da actualización continua da páxina de presentación do centro e do Grao que se leva a cabo desde o Decanato. En relación ao coñecemento de idiomas, o 40 % do alumnado novo accede á titulación cun nivel acreditado igual ou superior ao B1 nalgunha lingua estranxeira, 6 puntos por riba da porcentaxe do ano pasado.

Do total do alumnado de novo ingreso, o 40% (IN10-PC-05), corresponde ao alumnado preinscrito no Grao en primeira opción. Das enquisas elaboradas polo centro ao inicio do curso, obtense que o 60% do alumnado non solicitou en primeira opción o Grao en Óptica e Optometría, sendo a súa primeira opción outra titulación da rama de Ciencias da saúde como opción maioritaria.

En relación á procedencia do alumnado, dos 61 matriculados de inicio de estudos neste curso académico, 57 residen na Comunidade Autónoma de Galicia e 4 noutras comunidades. O alumnado procede maioritariamente das provincias de A Coruña e Pontevedra, sendo un pouco maior o número de alumnos da provincia de Pontevedra, este feito poderíamos xustificalo pola labor realizada ao longo do curso pasado pola Coordinadora do Grao coa a súa participación no Programa "A Ponte" e que se centrou nesta provincia en concreto. Tendo en conta a totalidade do Grao, no curso 2016-2017 o número de alumnos do Grao alcanzou os 303 matriculados.

No curso ponte, o número total de alumnos matriculados ascende a 38, dos cales 7 corresponden a alumnos

de novo ingreso no curso 2016-2017. O número de egresados foi de 8 e se titularon 6. Ante a diminución de matrícula no curso ponte, a Comisión de título considerou ofertar só 20 prazas para o curso 2017/2018.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Durante o curso 2016/2017 presentáronse no centro dúas reclamacións, una relacionada coa titorización dun TFG e a outra foi una reclamación da cualificación dunha materia. No primeiro caso trala asignación dun TFG a una alumna, a titora considerou que non tiña os coñecementos necesarios para poder elaborar e defender o traballo en cuestión xa que estaba relacionado cunha materia optativa que a alumna non cursara. Dende o centro aplicouse o Regulamento de TFG da Facultade (Artigo 14 A Comisión de Título adoptará as medidas oportunas para garantir que todos os alumnos matriculados poidan ter asignado un tema e un director de TFG...), e procedeu a asignarlle un novo traballo e un novo titor.

No caso da segunda reclamación, aplicouse a normativa relativa á avaliación e rendemento académico da USC, e o profesor rectificou a cualificación da alumna, en base a que os criterios non figuraban por escrito na guía da materia, aínda que os comunicara previamente na clase.

Aplicouse tamén a normativa de dispensa de asistencia, control de asistencia ás actividades presenciais e procedemento de xustificación, aprobada pola Xunta de Facultade do 20/04/2015 a unha alumna que solicitou dispensa de asistencia a clase por incompatibilidade co seu horario laboral.

Non houbo ningunha outra reclamación relacionada con ningún dos procesos cuxa xestión depende do centro e cuxa aplicación realízase conforme ao establecido nelas (Regulamento de TFG, Regulamento de prácticas tuteladas, regulamento de réxime interno).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC mantén actualizada a súa páxina web e dispón de toda a información sobre as titulacións que imparte. Por outra parte, a Facultade de Óptica e Optometría dispón da súa propia páxina web na que se pode atopar toda a información relativa ao centro, as titulacións que nel se imparten, a organización dos plans de estudos e os obxectivos así como os informes de seguimento, acreditación e plans de mellora dos títulos e do centro. A páxina web está dispoñible en Galego e Castelán e ao longo do curso 2016/2017 construíuse a páxina web en Inglés.

Ademais, elabóranse cada ano una guía e un díptico sobre o Grao en Óptica e Optometría que se pode descargar directamente da páxina web e que se envía a tódolos centros de ensinanza secundaria e bacharelato que o soliciten ou que se visiten dentro do Programa "A Ponte".

No proceso de seguimento do título os únicos datos dispoñibles sobre a opinión que os diferentes grupos de interese teñen sobre a información pública dispoñible é a través do informe de satisfacción dos diferentes grupos coa titulación. Nestas enquisas, valórase a dispoñibilidade de información sobre o grao e sobre a calidade. É necesario recalcar que a taxa de participación dos diferentes grupos nas enquisas de satisfacción é moi baixa (14,58% para o profesorado e dun 10% do alumnado), polo que os seus resultados non son significativos (a marxe de erro cun nivel de confianza dun 95% é de 34,6% e 27%, para os colectivos anteriores). No grupo de alumnos egresados, cualifícase cun 3,33 sobre 5 á información pública dispoñible pero non temos datos de participación na enquisa.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (Aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesaria para poder acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiunos superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación de Grao en Óptica e Optometría.

A visita da Comisión avaliadora do proceso de acreditación da titulación de Grao en Óptica e Optometría ao centro tivo lugar o 02/02/2016. No informe provisional de acreditación, esixiuse ao centro a elaboración dun plan de melloras. Dito plan consistiu en 13 accións, moitas das cales xa estaban contempladas no plan estratéxico e na programación plurianual do centro (ámbolos dous, así como a memoria de calidade do ano 2016 poden consultarse na páxina web do centro) e que se desenvolveron ao longo do curso 2016/2017.

Salientar que fóra das suxestións realizadas pola comisión avaliadora, entre elas a posta en marcha dun buzón de queixas e suxestións na páxina web do centro, non se recibiron suxestións por ningunha outra canle. Dende a posta en marcha do buzón hai dous anos non se recibiu nin unha soa queixa ou reclamación por esta vía.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O seguimento do grao de implantación do SGIC do centro, levado a cabo na memoria de calidade do curso 2016 (dispoñible na páxina web do centro), permitiu constatar o elevado Grao de cumprimento do plan estratéxico do centro. Como xa comentamos con anterioridade, froito do proceso de acreditación da titulación plantexáronse 13 accións de mellora moitas das cales se levaron a cabo durante o curso 2016/2017. A máis importante de elas foi a modificación da memoria do Grao para incorporar os defectos detectados nos procesos de avaliación e na descrición das competencias e resultados de aprendizaxe da primeira memoria verificada. A memoria definitiva do grao en Óptica e Optometría aprobouse na Xunta de Facultade do 28/10/2016 nesta versión inclúense todas as modificacións suxeridas pola comisión de renovación da acreditación. O SXOPRA remitiu a Memoria final ao Ministerio o día 8/11/2016. O día 14/02/2017 reuniuse a Comisión de Título para dar resposta ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación del plan de estudos del Grado en Óptica y Optometría recibido o día 09/02/2017. As alegacións ao informe remitíronse ao SXOPRA con data 16/02/2017 finalmente, con data 24/03/2017 recibíuse o informe final de avaliación sendo este FAVORABLE.

Outro dos puntos do plan estratéxico que se desenvolveu no curso 2016/2017, foi a exploración da posibilidade dunha dobre titulación con outras titulacións de interese. Durante o curso 2015/2016 xa se presentara una declaración de intencións para a posta en marcha desta dobre titulación cuxa viabilidade foi aprobada polo Consello de Goberno da USC con data 10/03/2016, pero que non se puido implantar durante o curso 2016/2017. Logo dunha serie de reunións, a Xunta de Facultade do 20/01/2017 acordou reiterar a proposta de declaración de intencións do dobre grao que se ofertou e implantou o no curso 2017/2018. Neste dobre grao ofértanse 10 prazas, 5 correspondentes á Facultade de Óptica e Optometría e 5 correspondentes ao Grao en Farmacia.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise e revisión do SGIC realízase dentro da Comisión de Calidade do centro na que están representados tódolos grupos de interese excepto os empregadores. Este último grupo mantén unha estreita relación coa facultade a través do comité consultivo, que se reúne como mínimo unha vez ao ano. Ademais, o convenio co Colexio de Ópticos para a realización das prácticas tuteladas garante a relación entre os empregadores e a facultade e o intercambio de ideas para a mellora tanto da docencia coma dos procesos relacionados con estas prácticas.

Froito do seguimento da implantación do SGIC no centro e do proceso de acreditación do Grao en Óptica e Optometría, estableceuse una acción de mellora de modificación do SGIC do centro. A actualización deste manuais fíxose con anterioridade ao proceso de acreditación da titulación, ao longo do curso 2014/2015. En conversa telefónica coa área de calidade, comunicóuselle á responsable de calidade do centro que a USC tiña que facer a actualización do SGIC marco antes do mes de xaneiro de 2017 pero que levaban bastante retraso, polo que actualización dos manuais do centro quedou tamén retrasada á espera do que se aprrobe o SGIC marco da USC. O día 15/02/2018, informouse dende a área de calidade de que o SGIC marco da USC quedará rematado a finais do mes de febreiro e que os centros disporán dun prazo dun ano para facer as adaptacións e modificacións oportunas.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016/2017 no grao en Óptica e Optometría impartiron docencia un total de 46 profesores dos cales, 4 son Catedráticos de Universidade, 20 Titulares de Universidade, 2 Catedráticos de Escola Universitaria, 3 Titulares de Escola Universitaria, 6 Profesores Contratados Doutores, 1 Axudante Doutor LOU, 3 Contratados Interinos, 6 Asociados de Universidade LOU e 1 Contratado Posdoutoral da Xunta. Participan na docencia do Grao en Óptica e Optometría e no curso Ponte un total de 11 Departamentos de distintas Facultades. En conxunto, o persoal docente do grao ten recoñecido 79 sexenios de investigación e 159 quinquenios de docencia. O 77,27% do Profesorado é doutor e o 65,91% é funcionario de carreira.

En relación ao profesorado relacionado coas prácticas externas indicar que ao tratarse de prácticas tuteladas dunha profesión regulada, o profesorado encargado da súa xestión e avaliación é o profesorado con capacitación profesional de Óptico-Optometrista. En relación ao traballo fin de grao, tendo en conta a normativa vixente na USC, todos os profesores do Grao están implicados na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFG entre os distintos departamentos con docencia no mesmo de forma proporcional ao número de créditos impartidos.

Aínda que se cobren todas as horas de docencia do grao tal e como están establecidos na memoria do título verificada, compre salientar a necesidade de profesorado con capacitación profesional para acadar os niveis de docencia práctica esixidos para a obtención do Diploma Europeo do Título.

A USC conta cun programa de formación e innovación docente que ten por finalidade establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Segundo o informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o 91,67% do profesorado do grao está interesado en recibir apoio para a mellora da docencia tanto no relativo ás novas tecnoloxías coma nos aspectos didácticos e pedagóxicos e participaron no programa da USC o 35,42% do PDI do Grao. Só o 2,08% do profesorado participou en programas de mobilidade durante o curso 2016/2017, a mesma porcentaxe que no curso anterior.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as

características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo as bases de datos da USC, a Facultade conta co seguinte persoal de apoio: 2 técnicos especialistas de investigación, 1 Técnico de investigación, 2 persoas da Escala Administrativa e 2 oficiais de servizo. Sinalar que o centro non conta con conserxe, só con 2 auxiliares de servizo (1 de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolven as súas tarefas na conserxería do centro, e que comparten a súa dispoñibilidade horaria coa conserxería da Facultade de Física, de xeito que en ocasións, nas que coincide o período vacacional do persoal ou citas médicas, o centro ten que permanecer pechado media xornada, ao non ter persoal de substitución, co prexuízo que isto ocasiona.

A maiores, o centro conta cos seguintes recursos humanos compartidos coa Facultade de Física: 1 Responsable de asuntos económicos, 2 auxiliares de biblioteca que atenden á sala de lectura da Facultade. Sinalar que a biblioteca do centro forma parte da biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría e que os dous auxiliares cobren as quendas de mañá e tarde para manter aberta a sala de lectura e o servizo de préstamo.

En relación aos técnicos de apoio á docencia sinalar que os dous técnicos especialistas realizan as labores de apoio á docencia. Un deles, realiza toda a súa labor dentro do Servizo de Optometría en horario de 9:00 a 15:00, co cal durante una parte do horario de apertura do servizo non se conta con ningún tipo de persoal de apoio. Ademais, pola especificidade do Servizo, sería necesario a creación dunha praza de técnico de nivel superior.

A USC oferta tamén un programa de actualización e formación para o PAS, no curso 2016/2017 o 85,71% do PAS do centro participou en actividades de formación.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Grao. Nos últimos anos, a prórroga dos presupostos na USC e a liberación dunha parte moi pequena do presuposto do centro fixo necesario o desenvolvemento dun procedemento de priorización do gasto relacionado coas accións de mellora da titulación. Anualmente, o Decanato abre un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro.

Nun Centro cun elevado número de horas prácticas tanto clínica como non clínica, o mantemento dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Nos informes de seguimento de anos anteriores insistíamos na necesidade de renovación do material do Taller de Óptica Oftálmica. Recibida a Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (Convocatoria 2017), o día 22/03/2017 infórmase a todo o profesorado do prazo de solicitude, das novidades da convocatoria e da próxima convocatoria dunha Comisión de calidade para o día 04/04/2017. A Comisión de Calidade, reunida o 04/04/2017 acorda solicitar todo o equipamento proposto polo

profesorado dentro das axudas de calidade cofinanciando 4 destas propostas que se consideran prioritarias. O 24/05/2017 publícase a resolución da convocatoria das axudas mencionadas con anterioridade, no que se concede á Facultade de Óptica e Optometría unha cantidade de 29800 € para infraestruturas, material e equipamento docente. Logo do período de reclamacións contra a resolución provisional, o 27/06/2017 publícase a resolución definitiva na que se lle asigna á Facultade de Óptica e Optometría unha cantidade de 14900 €. Dita cantidade non é suficiente para afrontar a necesaria renovación de material docente pero permitiu mercar 6 CPU para renovación do equipamento da aula de informática, 2 proxectores para os laboratorios de prácticas e unha biseladora automática para o Taller de Tecnoloxía Óptica.

A importancia do Servizo de Optometría (SO), do Taller de Óptica Oftálmica e dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía, na consecución das competencias específicas da titulación fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia. No caso do Servizo de Optometría, é de resaltar o feito de que é o centro onde se imparten cada curso un total de 1400 horas de docencia clínica do Grao (900 horas correspondentes as materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III; e 500 horas de prácticas externas).

Toda a información en relación á actividade no Servizo de Optometría queda recollida no Informe do SO, informe bi-anual que a Directora do SO realiza e que, unha vez consensuado cos membros do SO, envía ao Reitor da USC, así como á Decana da Facultade de Óptica e Optometría. Dito informe recolle información de acordo aos seguintes apartados: (1) Contexto do Servizo de Optometría na USC; (2) Persoal do SO: membros, comisión técnica e directora; (3) Informe docente e asistencial do Servizo de Optometría; (4) Indicadores de Calidade; (5) Informe do Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades); (6) Propostas de melloras; (7) Informe investigador; (8) Accións prioritarias. Nos respectivos informes queda recollido que, debido ao importante número de horas de docencia impartidas no Servizo de Optometría (sobre 1500 horas por curso, con un total de 600 pacientes examinados no curso 2016-2017), é necesario elaborar un plan de financiamento para actualizar/manter as infraestruturas e equipos do Servizo. Na actualidade, o financiamento do SO para este fin provén da asignación dende a propia facultade de acordo á distribución económica entre materias.

No informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14), a satisfacción do profesorado cos recursos necesarios para a docencia no centro é de 3,5 sobre 5 lixeiramente superior á do curso pasado que foi dun 3,4.

É necesario indicar que o centro dispón dunha aula de informática para uso docente con 21 postos, ademais de 5 aulas equipadas con sistemas de proxección (ordenador canon) e todas elas equipadas cunha lousa electrónica.

A biblioteca intercentros é una biblioteca para as Facultades de Física e Óptica e Optometría. Físicamente está situada na Facultade de Física, e conta cun punto de servizo na Facultade de Óptica, onde están depositados os manuais adecuados á titulación do Grao en Óptica e Optometría. Na actualidade, a biblioteca ten 16.426 exemplares de monografías en papel e recibe 39 publicacións periódicas en formato electrónico. Ten ademais 436 títulos pechados de revistas en papel. Como parte da Biblioteca Universitaria ten acceso a todos os fondos bibliográficos que se adquiren nos diferentes centros e a través do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGalicia) é posible acceder aos paquetes de revistas electrónicas que subscribe, entre eles Elsevier, Nature, Springer, Wiley e as coleccións de libros electrónicos de Elsevier e Wiley. Por outra banda, vía a FECYT se accede ás bases de datos de Scopus, Web of Science (Medline, Current Content Conect), Journal Citation Report, entre outras.

A maiores dos servizos de orientación ao estudante de que dispón a USC, cada ano, ao inicio do curso académico realízase una xornada de acollida para os alumnos de novo ingreso. Convócase a estes alumnos a través da páxina web do centro e mediante un correo electrónico á dirección de correo que consta no formulario de matrícula ou á que lles proporciona a USC en caso de non especificar outra. A Xornada consta de dúas fases. Na primeira fase reúnese a todos os alumnos no Salón de actos onde os recibe a Decana acompañada polos membros do equipo decanal, a directora do servizo de optometría e os

alumnos tutores. Logo da benvinda por parte da Decana, amósaselle aos alumnos a páxina web do centro e os seus contidos e os alumnos tutores explican os procedementos e procesos que consideran oportunos (Obtención da TUI, Servizo de Deportes, Servizo de reprografía...). Por outra banda, a directora do servizo explica o seu funcionamento e invita a todos os alumnos a que pasen polo servizo para facerse una revisión visual. A segunda fase ten lugar na aula de informática do centro. Pola capacidade de dita aula, divídese ao alumnado en dous grupos e nesta sesión o persoal da biblioteca fai una presentación titulada “Presentación da Biblioteca Universitaria, da súa páxina Web e uso do seu catálogo” e os alumnos realizan una práctica individualizada de búsqueda e solicitude de préstamo de libros.

Os alumnos do Grao en Óptica e Optometría realizan prácticas tanto na facultade coma nos Hospitais do SERGAS (prácticas das materias enfermidades oculares I e II), en Residencias da terceira Idade (Prácticas de Optometría IV) e por último as Prácticas tuteladas nas Ópticas. Todas estas prácticas realízanse ao amparo dos convenios co SERGAS, coa Consellería de Benestar Social e co Colexio de Ópticos e Optometristas de Galicia e/ou con Ópticas de fóra de Galicia. Na páxina web da Facultade pódense consultar estes convenios.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade e polo tanto á participación nas mesmas é de especial relevancia. A porcentaxe de participación nestas enquisas dos diferentes grupos de interese do Grao en Óptica e Optometría é moi desigual. O grupo de interese con maior participación nas enquisas de satisfacción é o profesorado cunha participación dun 33,33% a continuación o alumnado cunha porcentaxe de 27,27%, os alumnos egresados cun 8,77% e os titores de prácticas externas cunha porcentaxe de 12,68%.

A Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida vai diminuíndo en cada curso académico, como se pode comprobar na seguinte táboa, a pesares das iniciativas levadas a cabo no centro para fomentar dita participación (apertura da aula de informática no período de elaboración das enquisas, carteis e correos electrónicos de recordatorio a todos os grupos de interese...) No curso 2016/2017 a taxa de resposta do alumnado foi dun 27,27%, e a súa valoración sobre docencia recibida foi dun 3,81, exactamente igual que no curso anterior.

	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (%)	37,01	35,05	31,39	30	27,27

As puntuacións máis baixas corresponden aos ítems da enquisa do alumnado relacionados coa axuda recibida nas titorías (3,39) e coas propostas do profesorado para realizar actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (3,51).

En relación ao Profesorado, a participación nas enquisas tamén diminuíu dun 47,92% no curso 2015/2016 a un 33,33% no curso 2016/2017. A valoración media do profesorado da súa satisfacción coa docencia impartida foi dun 3,54 lixeiramente máis baixa ca no curso anterior no que acadou un valor de 3,63. Na enquisa de satisfacción realizada polo profesorado a puntuación máis baixa corresponde aos ítems 1 (3,11) e 2 (3,11) directamente relacionados co nivel de coñecementos e habilidades có que chegan os alumnos e coa participación destes no desenvolvemento das clases. A puntuación máxima corresponde ao ítem 8 da

enquisa (4,21) relacionado coa coordinación entre os distintos profesores dunha mesma materia. Respecto aos egresados, a súa participación na enquisa é moi baixa, dun 8,77% sendo o seu grao de satisfacción coa titulación dun 3,18, un pouco inferior á do curso anterior que foi dun 3,25. En relación ao grao de satisfacción dos tiores de prácticas externas, destacar que o grao de satisfacción xeral destes coa práctica realizada polo alumnado mantense estable dende o curso 2014/2015, situándose algún cursos lixeiramente por riba da media da USC e outros lixeiramente por debaixo. Neste curso en concreto acadou un valor de 4,33 sendo a media xeral da USC 4,43.

A Taxa de éxito do título, definida como a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, acadou unha porcentaxe dun 87,29% no curso 2016/2017 sendo a segunda máis alta dende a implantación do grao. A taxa de graduación, definida coma a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso foi dun 69,64%, sendo a máis alta dende a implantación do grao. Os alumnos que se titularon no curso 2016/2017 son os alumnos que ingresaron no grao no curso académico 2013/2014, no que o 51,67% dos alumnos matriculados en primeiro elixiran esta titulación como primeira opción.

No curso 2016/2017, o perfil global das cualificacións mantívose con respecto ao curso anterior. A taxa de éxito nas materias obrigatorias directamente relacionadas coa profesión de Óptico-Optometrista alcanza en case todas as materias un 100%. Este alto porcentaxe débese á avaliación continua, o desenvolvemento da metodoloxía docente baseada en casos prácticos e clínicos así coma na presentación e defensa de traballos persoais e en grupo. Por outra banda, as tres materias con menor taxa de éxito son Instrumentación Óptica (31,53%) de segundo curso, e Óptica Xeométrica (34,48%) e Bioquímica (54,81%), ambas de primeiro curso. Salientar que a taxa está calculada sobre alumnos/as presentados ao exame final. Cabe destacar tamén a elevada porcentaxe de alumnos/as que non se presentaron aos exames de Óptica Xeométrica e Instrumentación Óptica, un 25% e un 22,52%, respectivamente. Na materia de Bioquímica a porcentaxe de non presentados foi dun 4,81%. É preciso indicar que para a materia Instrumentación Óptica levouse a cabo, ante o baixo nivel de éxito obtido, unha modificación do modelo de avaliación, polo que se espera obter un resultado máis positivo no vindeiro curso.

Por outra banda, como non hai datos dispoñibles con respecto ao indicador de adquisición de cada unha das competencias do título, realizáronse enquisas aos estudantes nalgunhas materias, adaptando o tipo de enquisa ás características das mesmas. Isto nos permite coñecer a satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, e súa valoración sobre as competencias adquiridas. Realizáronse nas materias Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II, Clínica Optométrica III, materias nas que a enquisa adaptouse as competencias específicas recollidas nas Directrices Propias desta titulación (Orden CIN /727/2009, de 18 de marzo). Ditas enquisas poñen de manifesto que no curso 2016-17, entre 90% y el 97% dos estudantes mostran un alto grado de satisfacción coa formación recibida e na adquisición de competencias, si ben, é importante resaltar que practicamente a totalidade dos alumnos tamén considera que o número de pacientes reais debería incrementarse, incluíndo ademais mais pacientes de diferentes tipoloxías.

É importante salientar que un indicador da adquisición de competencias clínicas propias da titulación é o número de pacientes vistos polos alumnos. Así, o número de prácticas clínicas sobre pacientes reais, prácticas que se imparten en un módulo de 5 alumnos/as por profesor, son una garantía de adquisición de las competencias específicas establecidas para el Grado en Óptica y Optometría en la Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo. Este criterio está en consonancia coas exixencias do Diploma Europeo en Optometría (establecido polo “Europea cancel off Optómetro anda Ópticas” (ligazón na páxina web da Facultade <http://www.ecoo.info>) e co establecido polo “General Optical Council”, que xustifican a adquisición de competencias en optometría polo número de pacientes reais vistos por alumno/a. Así, o alumnado do Grao en Óptica e Optometría desenvolve, de maneira supervisada, actividade clínica propia de la titulación sobre pacientes reais no Servizo de Optometría da USC nas materias: Clínica Optométrica I (4,5 créditos), Clínica Optométrica II (4,5 créditos), Clínica Optométrica III (6 créditos). O número de pacientes vistos no SO foi de 590 pacientes no curso 2016-2017. Ao finalizar as tres materias de Clínica Optométrica, cada alumno revisou 60 pacientes, valor que se mantén na liña dos últimos cursos. Ademais,

continúase ca aplicación do portafolio de práctica clínica segundo o modelo establecido polo “European council of Optometry and Optics” para o Diploma Europeo, e polo “General Optical Council”, e cuxa finalidade é poder acreditar para cada alumno a súa experiencia clínica supervisada e así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo o informe da CIUG, no curso 2016/2017 solicitaron o acceso ao Grao en Óptica e Optometría un total de 448 estudantes dos cales 381 corresponden a alumnos que proceden do bacharelato, 58 a alumnos de Formación Profesional, 7 eran titulados universitarios, 1 procede das probas de acceso para maiores de 25 anos e 1 como deportista de alto nivel.

A matrícula no grao pechou na sétima chamada cun total de 61 alumnos matriculados dos cales 56 ingresan dende o Bacharelato e 5 de Formación profesional. A nota media de acceso por preinscrición superou por primeira vez o 9 (9,09), sendo dun 9,116 para os alumnos de bacharelato e dun 8,86 para os de FP.

Como mencionamos no criterio anterior ,a taxa de éxito do título acadou una porcentaxe dun 87,29% no curso 2016/2017 sendo a segunda máis alta dende a implantación do grao. A taxa de graduación, 69,64%, sendo a máis alta dende a implantación do grao. Os alumnos que se titularon no curso 2016/2017 son os alumnos que ingresaron no grao no curso académico 2013/2014, no que o 51,67% dos alumnos matriculados en primeiro escolleran esta titulación como primeira opción segundo os datos facilitados pola CIUG.

A Taxa de rendemento vai aumentando en cada curso académico. No curso 2011-2012, esta taxa foi dun 68,53%, e vai aumentando ata o cursos 2016-2017 no que acada un 80,72%. A taxa de avaliación mantense máis estable ao longo do tempo, a porcentaxe para o curso 2016-2017 é dun 92,47%, lixeiramente superior á do curso anterior (86,70%), sendo no curso 2016-2017 no que se alcanza unha porcentaxe maior nesta taxa desde a implantación do Grao. Por materias, acadan un 100% de taxa de avaliación as materias optativas do Grao e algunhas das materias máis específicas da titulación, non obstante, a taxa no resto de materias é alta superando o 94% en todas as materias a partir do terceiro curso. Nos dous primeiros cursos a taxa máis baixa corresponde ás materias Óptica Xeométrica e Instrumentación óptica cunhas porcentaxes do 75% e o 77,48%, respectivamente.

Respecto á taxa de abandono da titulación sinalar que a área de calidade e mellora dos procedementos realizou unha análise da taxa de abandono da titulación dende a súa implantación desagregada por cursos. Neste informe se observa que o abandono da titulación se produce no primeiro curso e que aproximadamente a metade dos alumnos que abandonan a titulación o fan cambiando os seus estudos. Dende a implantación do Grao en Óptica e Optometría, tanto a taxa de abandono no primeiro curso como a taxa de cambio de estudo no primeiro ano están por debaixo do valor deste indicador para a rama de coñecemento do título e por debaixo do valor global para a USC.

Curso académico	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
Taxa abandono 1º curso no título (%)	----	7,04	20,19	13,64	13,64	17,86	10,91	11,29
Taxa abandono 1º curso na Rama (%)	20,56	24,34	24,36	21,27	18,55			
Taxa abandono 1º curso na USC (%)	15,74	15,98	15,87	15,51	16,21			

Nos informes de seguimento anteriores se mencionou a relación entre a taxa de abandono e a taxa de idoneidade. Obsérvase que a taxa de abandono foi maior no curso 2011-12 que corresponde co curso no que taxa de idoneidade foi menor (28,81%), nos dous últimos cursos, con taxas de idoneidade que se achegan ao 40%, a taxa de abandono en primeiro curso descendeu considerablemente. Polo de agora non se dispón de datos para poder valorar a evolución e resultados dos alumnos matriculados a tempo parcial na titulación.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que a participación nas enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese é bastante baixa, consideramos que a evolución do Grao é en xeral satisfactoria. Esta reflexión baséase na ampla demanda de ofertas de traballo recibidas na Facultade, nos bos resultados de inserción laboral dos nosos titulados e na cualificación como terceira Facultade de Óptica e Optometría máis demandada de España segundo o ranking elaborado por “El Mundo” no curso 2016/2017.

Atendendo aos resultados das enquisas sobre a titulación, indicar que a participación do profesorado foi dun 14,58%, sendo en xeral a súa valoración moi positiva no relacionado coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas cuxa puntuación é superior á valoración media da USC en tódolos items da enquisa. Sen embargo, no relativo a recursos materiais e servizos, o profesorado non se amosa tan satisfeito, items coma o nivel de acordo aulas e o seu equipamento, os laboratorios e o seu equipamento e os espazos destinados ao traballo autónomo do alumno teñen unha valoración media de 2,86 e 3 sobre 5, por debaixo da media da USC. Tamén ás ferramentas de docencia virtual e ferramentas multimedia, comúns a toda a USC, o noso profesorado outórgalle unha puntuación por debaixo da media da Universidade. Neste sentido indicar que unha das accións de mellora que se ven desenvolvendo anualmente é a elaboración dunha listaxe priorizada de material indispensable para os laboratorios docentes e das diferentes aulas. As axudas de calidade do curso anterior permitiron dispoñer de material informático novo para as aulas e a aula de informática e para os laboratorios docentes. En relación ao grao

de satisfacción do profesorado cos resultados do título, indicar que na enquisa hai dous ítems , o primeiro relacionado coas competencias adquiridas polo alumnado e o segundo coa adecuación das competencias do título có desenvolvemento profesional do alumnado. Neste ítems a puntuación media outorgada polo profesorado foi de 4,17 e 4,33 respectivamente, por riba da puntuación media da USC neste mesmos ítems (3,73 e 3,78, respectivamente).

A participación nas enquisas de satisfacción coa titulación do alumnado foi dun 10%. Os resultados obtidos en todos os ítems relacionados coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas acadan valores por riba da valoración media da USC. Só hai dous ítems, o calendario de probas de avaliación e a proporción entre sesións teóricas e prácticas na titulación , nos que a puntuación é inferior a 3 (2,58 e 2,92 respectivamente). Ao igual que na enquisa do profesorado o que peor se valora son os recursos materiais do grao, en todos os ítems lixeiramente por debaixo da valoración media da USC. Sen embargo, en canto a resultados da titulación, os alumnos valoran as competencias adquiridas cun 3,92 por riba da valoración media da USC (3,20).

Dos resultados destas enquisas poderíase concluir que o grao de satisfacción destes dous colectivos é grande e que podería aumentar moito si se invertise en recursos materiais. Non hay que olvidar que nunha titulación da rama das ciencias da saúde e cun elevado número de prácticas, a renovación e actualización do material é fundamental. Ademais, esta situación de deterioro de material e espazos ben provocada polo escaso financiamento ao que se veu sometido o centro durante os últimos anos debido á crise económica.

Respecto á enquisa de satisfacción dos titores de prácticas externas sinalar a participación dun 12,68% . En xeral amósanse bastante satisfeitos coa práctica realizada polos alumnos (4,33) e co grao de cumprimento das actividades asignadas or parte do alumnado (4,67) e satisfeitos aínda que un pouco menos coa formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado, coa formación inicial de competencias profesionais e coa comunicación e coordinación cos responsables académicos do título (as valoracións deste ítems foi de 3,44, 3,33 e 3,33, respectivamente). Neste senso, a Comisión de prácticas Tuteladas está a traballar nun procedemento que permita a mellora da comunicación entre titores externos e titores académicos.

Na Facultade de Óptica e Optometría hai dous técnicos de laboratorio directamente implicados no desenvolvemento da docencia do grao pero non existe ningún procedemento de medida da súa satisfacción co Grao, agás a enquisa de satisfacción do PAS da Facultade.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación aos datos de inserción laboral, os resultados do Grao son moi satisfactorios. Neste curso académico os datos dispoñibles corresponden ao informe elaborado polo Ministerio de Educación en relación á cohorte de egresados do curso 2013-2014. Dos 52 alumnos que se titularon no curso 2013-2014, o 73,1% estaba afiliado á seguridade social un ano despois da titulación. O 40,6% tiña un contrato indefinido e o 81,8% estaba contratado a xornada completa. Dous anos despois da titulación, a porcentaxe de afiliación á seguridade social aumentou ata o 80,8% e a porcentaxe de contratos indefinidos ata o 47,4% .É necesario

salientar que os restantes alumnos, o 19,2% non ten porque estar en paro senón que pode estar cursando estudos de posgrao ou especialización fóra da USC, polo que non se dispón de datos ao respecto. A porcentaxe de contratados a tempo completo diminuíu lixeiramente ata un 81,6%, aumentando a porcentaxe de contratados a tempo parcial cunha xornada de traballo maior que a media xornada (pásase dun 12,1% un ano despois de titularse a un 13,2% ao cabo dos dous anos). Segundo os datos dos indicadores da Seguridade Social, dous anos despois de titularse o 97,6% dos nosos egresados cotizan

dentro do grupo de cotización de universitarios.

Na páxina web da facultade existe unha bolsa de traballo a disposición pública tanto de alumnos egresados como de empregadores. É necesario mencionar que a través deste mecanismo no curso 2016-17 recibíronse arredor de 100 ofertas de emprego para titulados tanto de empresas de Galicia como de empresas nacionais e extranxeiras.

LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502224_P.Ind_2016-2017
			2502224_INF.16_2016-2017
			2502224_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502224_P.Ind_2016-2017
			5056_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e	Web do Centro

		obxectivos de calidade, manual e procedementos)	
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502224_P.Ind_2016-2017
			2502224_INF.04_2016-2017
			5056_INF.05_2016-2017
			2502224_INF.06_2016-2017
			2502224_INF.07_2016-2017
			2502224_INF.08_2016-2017
			2502224_INF.09_2016-2017
			2502224_INF.10_2016-2017
			5056_INF.11_2016-2017
			2502224_INF.13_2016-2017
			2502224_INF.14_2016-2017
			5056_INF.21_2016-2017
			2502224_INF.22_2016-2017
2502224_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502224_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502224_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5056_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados,	Autoinforme, Criterio 4

		evolución, ...)	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5056_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5056_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502224_INF.13_2016-2017
			2502224_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5056_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502224_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502224_P.Ind_2016-2017
			2502224_INF.17_2016-2017
			2502224_INF.18_2016-2017
			2502224_INF.19_2016-2017
			5056_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502224_P.Ind_2016-2017

			2502224_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502224_EIL-SIU_2016-2017

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría Informe favorable recibido o 24/03/2017.	Proceso de acreditación do título

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Baixa participación dos titores de prácticas externas nas enquisas de satisfacción.
Definición/ descripción proposta	Deseño dunha enquisa ou procedemento para fomentar a participación dos titores de practicas externas nas enquisas de satisfacción.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 15/03/2018
Estado/Eficacia	En construción
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández, Coordinadora do Grao e Comisión de Prácticas Tuteladas

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Información pública das materias.
Definición/ descrición proposta	Implantación dun modelo de Guía docente para todas as materias do Grao.
Datas	Finalización: 31/12/2018 – Inicio: 15/03/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández, Coordinadora do título de Grao

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.
Análise causa	A adscrición á diferentes ramas de coñecemento e os diferentes aspectos organizativos deste título nos distintos países fai que sexa mais complexo fomentar a mobilidade do alumnado.
Definición/ descrición proposta	Establecemento de Convenios de mobilidade para o Grao en Óptica e Optometría con Universidades Españolas e exploración de posibles convenios con Universidades Iberoamericanas.
Datas	Finalización: 30/12/2018 – Inicio: 15/03/2018

Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables	Eva Yebra-Pimentel Vilar, Responsable Académica de Mobilidade
ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Acreditación e Informe de seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de Calidade.
Análise causa	Aínda que se realizou un esforzo por desprezar completamente o SGIC do centro é necesario unha actualización do mesmo para adaptalo ao SGIC marco da Universidade e particularizalo á propia Facultade.
Definición/ descripción proposta	Revisión do SGIC do centro, simplificación e adaptación ás particularidades da Facultade.
Datas	Finalización: 28/12/2018 - Inicio: 02/05/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa
Responsables	Carmen Bao Varela, Responsable de Calidade; Luz M. Gigirey Prieto, Decana.